

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DÍA 20/01/2020  
(Extracto en [http: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIO/A**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2020/0195**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro de 2020. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro de 2020, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE LÍMITES
CALPUR SERVICIOS INFORMATICOS, SL	B85316263	87,12 €	20/01/2020	SÍ
CENTRO POLIVALENTE ANA M. PARADA, S.L.	B94106556	11.232,00 €	20/01/2020	SÍ
EMPRESA PEREIRA, S.L.	B36030997	355,00 €	20/01/2020	SÍ
LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.	B60961554	840,95 €	20/01/2020	SÍ
NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES, SL	B94136066	17.998,75 €	20/01/2020	SÍ
PAZ DISMAC, S.L.	B36062180	8.648,48 €	20/01/2020	SÍ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 20/01/2020 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 13-ene-2020, que se aprobou por unanimidade.

SERVICIO, CULT., DEP. Y RECREACIÓN SL	B15416845	363,00 €	20/01/2020	SÍ
---------------------------------------	-----------	----------	------------	----

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2020/0120**

Vista a proposta do funcionario D. José Ramón Reirís Pérez, Responsable da caixa fixa para atender gastos protocolarios dos órganos de goberno, e ante o incremento de gasto de algunhas partidas, a Xunta de Goberno Local acorda o incremento do importe das mesmas, quedando do seguinte xeito:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
912.22601	Órganos de Goberno: Atencións protocolarias	2.500,00 €
912.22699	Órganos de Goberno. Gastos diversos	2.000,00 €
912.23000	Órganos de Goberno. Axudas de custo cargos electos	1.000,00 €
912.23100	Órganos de Goberno. Desprazamentos	1.500,00 €
TOTAL		7.000,00 €

#### **PRP2020/0121**

Vista a proposta do Responsable de Compras de material administrativo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Paz Dismac SL para o subministro de 2375 paquetes de folios DIN 4-4 NAVIGATOR 80 GRS/500 FOLLAS e 75 paquetes de folios DIN A-3 NAVIGATOR 80 GRS/500 FOLLAS, por un importe total de 8.648,48 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/0174**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Helga María Barral Millan e outros veciños de TV. Veiga de Cima, Sobradelo denunciando a colocación por parte dos veciños do nº 12 da citada Rúa de uns maceteiros que invaden a vía pública, evitando o estacionamento de vehículos.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda requirir a Dona Mónica Suárez Borraro, titular da vivenda nº 12 da TV. Veiga de Cima para que proceda á retirada das macetas situadas na vía pública.

#### **PRP2020/0175**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Adriana Pérez Martínez, en representación da CP Avda. Carolinas 60, solicitando que polo concello se fagan os traballos de repintado da sinalización horizontal no vao permanente situado na Avda. Carolinas nº 60.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización

e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.

Previamente á realización dos traballos, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

#### **PRP2020/0176**

Visto o informe da Policía Local e co fin de mellorar a seguridade do paso de peóns situado á altura do nº 8 da Rúa San Roque, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á eliminación da primeira praza de estacionamento unida ao paso de peóns, substituíndo a mesma por un estacionamento de motocicletas en liña, a fin de mellorar a visibilidade na marxe esquerda do paso de peóns.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

#### **PRP2020/0177**

Dáse conta do escrito presentado por D. Luciano Rodríguez Busto en relación con problemas de circulación na Rúa Amproa Bamio.

Dáse conta de informe da Policía Local na que se indica que se trata dunha rúa con pouco tránsito rodado, sendo usada na maioría polos veciños do lugar, e na actualidade está regulada a velocidade pola xenérica da vía 50 km/h.

En canto ao ancho da rúa, ten un tramo demasiado estreito polo que un vehículo un pouco grande (furgoneta) non pasaría, propoñendo a colocación de sinalización correspondente no punto que indican no plano que achegan ao informe.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de sinal de (estreitamento de calzada) e no mesmo poste letreiro de (anchura máxima 2 metros).

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

#### **PRP2020/0181**

Na X.G.L. do día 7/1/2020 aprobouse a adxudicación á empresa CALPUR Servicios Informáticos S.L. dun servizo de soporte e mantemento do servidor HP DL120 G& X3450 HP SAS EU Svr, con n/S CZ1031004X para o ano 2020 por importe de 354,53 € IVE incluído”.

O fabricante HP modificou os prezos do mantemento do equipo HP DL120 G& X3450 HP SAS EU Svr, este cambio foi comunicado ao Concello o 13/1/2020. O importe do mantemento pasa a ser de 441,65 € IVE incluído, polo que é necesario modificar o acordo de X.G.L. do día 7/1/2020.

A Xunta de Goberno Local acorda a modificación do importe de adxudicación, pasando de 354,53 €(IVE incluído), a 441,65 € IVE incluído) con cargo á partida orzamentaria 9201.22706.

#### **PRP2020/0202**

Don LUIS VILA LOPEZ en representación de CULTURINVEST, S.L., solicita espazo no recinto Fexdega para organizar o evento denominado DINOSAURS LIVE THE EXHIBITION, do 27 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2020.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e informe do responsable das instalacións do recinto de Fexdega, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude

Ingreso de mil cincocentos euros, en concepto de aportación económica para o desenvolvemento do evento, na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-

1003-3948), indicando no concepto “Aportación económica para o desenvolvemento do evento DINOSAURS LIVE THE EXHIBITION.

Antes do inicio da montaxe

- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva
- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección.
- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación do persoal participante no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade, ó que se lle porá en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.
- Presentación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil polos feitos que puideran acontecer nas instalacións durante a actividade coas seguintes características:
  - Garantía principal mínima de 600.000 € a disposición do evento.
  - Deberá cubrir a responsabilidade civil de explotación, locativa e de produto
  - As cláusulas de ámbito territorial e situacional, permitirán sinalar ó recinto Fexdega como espazo onde se desenvolve a actividade.
- Certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social
- Certificacións de seguir o corrente das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Administración Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.

Antes da inauguración do evento

- Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presenza de persoal de Fexdega.

Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

- Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

- Acreditación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. A devandita documentación ira acompañada dunha listaxe onde se mostre o nome e apelidos, o DNI e unha fotografía actual de cada un dos acreditados.

#### Consideracións xerais

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo
- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. Os eventos deportivos e os relacionados co público infantil teñen condicións especiais, tales coma a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc.
- Permanecer en situación de alta no IAE e na Seguridade Social en todo momento, e dicir, dende a presentación da solicitude de espazo ata o remate do desmontaxe.
- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. Se fose necesario contar con autorización administrativa para a instalación da publicidade, a xestión da mesma correrá por conta do promotor.
- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2020/0099**

Dáse conta de Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Servizo de Emprego e Economía Social), recaída no expediente TR351B 2019/15-5, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, por importe de 14.211,33 € para contratación de axente de emprego e desenvolvemento local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2020/0106**

Dase conta do peche do Programa de Axudas Municipais a Creación de Empresas Concello de Vilagarcía 2019.

No BOPPO de 23 de abril de 2019, publicáronse as bases de axudas a creación de empresas Concello de Vilagarcía 2019. A convocatoria doutouse cun orzamento de 46.000 Euros establecéndose unha axuda de 2.500 ? por empresa, correspondentes á metade dos gastos correntes de inicio da actividade.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 30 de outubro, ó longo da súa vixencia foron presentadas na Concellería de Promoción Económica 17 solicitudes de axuda, das que 14 foron concedidas .

Revisados e resoltos todos os expedientes de solicitude, a contía total de axudas concedidas ascende a 29.244,35 € según a distribución que se especifica no seguinte cadro:

0119	FORMA CONSULTORA S.C.G.	2.373,37 €
0219	JIMÉNEZ DOMÍNGUEZ MARÍA JOSEFA	2.500,00 €
0319	ACUÑA PINTOS GIOVANNA	1.283,26 €
0419	CEA FRAMIL ANA VANESA	2.500,00 €
0519	REY VIQUEIRA ANDREA	97,01 €
0719	MOLARES FALCÓN MARÍA LAURA	2.127,27 €
0819	CASANU S.C	1.738,24 €
0919	CONDE CAMPAÑA M <sup>a</sup> BEGOÑA	2.500,00 €
1019	COSTA PÉREZ FRANCISCO JAVIER	1.918,48 €
1219	GÜIMIL BEIRAS JESÚS	2.408,54 ?€
1319	BÓVEDA RODRÍGUEZ MARÍA DEYSI	2.298,18 €
1419	VIDAL E ASOCIADOS	2.500,00 €
1519	ROJO PEREIRO IGNACIO	2.500,00 €
1619	ANAKIÑOS	2.500,00 ?€
	TOTAL AXUDAS CONCEDIDAS	29.244,35 €

A Base 5<sup>a</sup>.2 da convocatoria, establece o seguinte:

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas, na Sede Electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal)

Por tanto, a Xunta de Goberno Local acorda ter por pechada a convocatoria do Programa de Axudas a Creación de Empresas Concello de Vilagarcía 2019, cos resultados de seguimento especificados, acordando a publicación, nos termos da Base 5<sup>a</sup>.2 da convocatoria, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello, sede.Vilagarcía.gal

### **PRP2020/0107**

No BOPPO de 5 de abril de 2019, publicáronse as bases de axudas a contratación por conta allea Concello de Vilagarcía 2019. A convocatoria doutouse cun orzamento de 50.000 Euros establecéndose un máximo de axuda por empresa de 3.000 Euros.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, ó longo da súa vixencia foron presentadas na Concellería de Promoción Económica 17 solicitudes de axuda, sendo que 16 das contratacións efectuadas polas empresas solicitantes cumpría os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas e dúas entidades solicitantes renunciaron á súa solicitude, sendo finalmente 14 as contratacións obxecto de axuda.

A contía total de axudas concedidas ascende a TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (37.250€), segundo a distribución que se especifica no seguinte cadro:

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO/A	CONTÍA CONCEDIDA €
0219	PLAZA OTERO INÉS	1.750,00
0319	BAYGAR	1.750,00
0419	CORREDURÍA ASEMÓN	2.250,00
0619	KATIA VONVEHI	3.000,00
0719	EDICIÓN Y PROGRAMACIÓN	2.750,00
0919	IMPEX EUROPA	2.750,00

1019	AGRA PARADA DAVID	3.000,00
1119	MOLARES OTERO TAMARA	2.750,00
1219	JELFIMAR	3.000,00
1319	MADISON AV	2.750,00
1419	INSTALACION ECOVILA SL	3.000,00
1519	VILÁN HERNÁNDEZ PILAR	2.750,00
1619	VILA MARTOS DAVID	2.750,00
1719	RODRÍGUEZ UREBA MIGUEL	3.000,00
TOTAL CONCEDIDO		37.250,00

A BASE DUODÉCIMA, parágrafo segundo da convocatoria, establece o seguinte:

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou, no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas, na Sede Electrónica do Concello ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)) e na páxina web do Concello ([www.vilagarcia.es](http://www.vilagarcia.es))

Por tanto, a Xunta de Goberno Local acorda ter por pechada a convocatoria do Programa de Axudas á Contratación por conta allea-Concello de Vilagarcía 2019, cos resultados de seguimento especificados, acordando a publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello, [sede.Vilagarcia.gal](http://sede.Vilagarcia.gal)

#### **PRP2020/0110**

Dáse conta do fallo do Xurado do II Concurso de Decoración do Nadal Concello de Vilagarcía de Arousa 2019, co seguinte resultado:

Categoría	Contía	Establecemento	Titular
Primeiro Premio	595,00 €	ESTOCOLMO CAFÉ BAR	ESTOCOLMO CB
Segundo Premio	395,00 €	PANADERÍA LOURIDO	D. FRANCISCO VIDAL MARTÍNEZ
Segundo Premio	395,00 €	TERRAE	ESPACIO TERRAE SOCIEDAD LIMITADA
Terceiro Premio	200,00 €	COCOE MODA	KOKOE MODA S.C.
Terceiro Premio	200,00 €	ANDAINA CAFÉ BAR	LIMA VIDAL SL

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar o fallo do Xurado, e o recoñecemento de obriga a favor dos gañadores, condicionada á presentación da certificación bancaria de titularidade da conta, con cargo á partida 4311.48100.

#### **PRP2020/0146**

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego labora Xove 2019, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicio C.D. y Recreación SL, para a contratación do alugueiro de rúas da piscina municipal para o desenvolvemento da formación do módulo de Socorrismo, ao longo dos dous últimos meses de actividade do Obradoiro, por un prezo total de 363,00 €, con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

### **PRP2020/0150**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL para aluguer dun autobús para o desprazamento dun grupo de alumnado, profesorado e pais e nais de alumnos/as do Conservatorio Profesional de Música a A Coruña o día 21 de febreiro de 2020, para asistir a un Concerto da orquestra Sinfónica de Galicia no Palacio da Ópera, por un importe total de 355,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2020/0169**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e a Convocatoria do Plan Concellos 2020 (Liña 2), publicadas no BOP nº 1 do 2 de xaneiro de 2020, enmarcado na Base oitava, Liña 2.3. Gasto corrente novo derivado da prestación de servizos municipais ou da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc, para “Gastos de limpeza e aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música”, por un importe de 18.181,00 €
- Aprobar a memoria descriptiva e valorada do gasto corrente novo derivado da prestación de servizos municipais ou da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc. Limpeza e aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música. Plan Concellos 2020.

### **PRP2020/0170**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e a Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, para a III Edición do Festival Internacional de Música clasclas, por un importe de 30.654,58 €, cun orzamento de gastos de 31.000,00 €
- Aprobar a memoria descriptiva e valorada da actividade “Gastos derivados da celebración do III Festival Internacional de Música clasclas” Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2020), cun orzamento total de 31.000,00 €.

## **SANIDADE**

### **PRP2020/0116**

Dáse conta da solicitude de Don Armino de Freitas Teles, titular da licenza municipal de auto-taxi nº 16, para substituír o vehículo adscrito ó servizo, matrícula 2866GRT, polo de nova adquisición, matrícula 9619KNN .

Dado que a documentación presentada, cumpre os requisitos esixidos no art. 21 do vixente Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóbiles lixeiros, e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 25.1 do devandito regulamento, acórdase acceder á substitución solicitada, polo vehículo de cinco prazas, cor branca, "KIA CARENS" matrícula 9619KNN (con Taxímetro instalado), número de bastidor KNAHT815AJ7210987.



A comprobación de que o vehículo reúne os requisitos mínimos regulamentariamente esixidos deberá realizarse pola Policía Local, con carácter previo á súa posta en servizo.

#### **PRP2020/0168**

Dáse conta da solicitude de Dona M<sup>a</sup> Del Pilar Gomez García, de expedición de permiso municipal de condutor ó seu favor, para conduci-lo vehículo adscrito á licenza de Taxi nº 16, da que é titular D. Javier Millán Vilanova. Visto o informe técnico e a documentación presentada, acórdase acceder ó solicitado.

Comunícase que a vixencia deste permiso municipal de condutor se atopa supeditada a que o titular presente no Concello alta na seguridade social ou recibo de autónomos correspondente ao derradeiro mes.

### **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **XUVENTUDE**

##### **PRP2020/0155**

Dáse conta do fallo do Xurado do I Concurso de Decoración sostible do Nadal 19/20, co seguinte resultado:

- Primeiro Premio, cun total de 30 puntos, CEIP O PIÑEIRIÑO
- Segundo Premio, cun total de 29,5 puntos: ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL VAGALUME
- Terceiro Premio, cun total de 28,5 puntos: ESCOLA INFANTIL DE ARALDE
- Premio Popular, cun total de 26 puntos: ANEXO A LOMBA.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar o fallo do Xurado.

### **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

#### **MEDIO AMBIENTE**

##### **PRP2020/0118**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por LAPPSET ESPAÑA para subministro da rede de xogo do parque de maiores de A Concha, por un importe total de 840,95 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213, debido ao deterioro da existente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

### **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

#### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

##### **PRP2020/0101**

Dáse conta de que mediante resolución de 12 de xuño de 2018, pola que se resolven as solicitudes de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, o concello resultou beneficiario da seguinte axuda: Procedemento S1427B: Programa de apoio aos centros de información de mulleres (CIM) por importe total de 41.629,22 €, tendo recibido o concello un anticipo do 75% da concesión, en concepto de pagamento anticipado, quedando o

25% restante, ou a parte que corresponda, pendente de librar.

Dáse conta de notificación de Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de minoración da contía de axuda concedida, quedando fixada a axuda definitiva en 41.539,44 €, e polo tanto resolve o seguinte:

- Aprobación da minoración do importe da subvención concedida ao abeiro do disposto na resolución do 12 de xuño de 2018, na contía de 89,78 € manténdose o resto das obrigas e dos requisitos establecidos na resolución de concesión, e anular o compromiso de crédito polo importe minorado.

- Aprobación do recoñecemento da obriga e proposta de pagamento da liquidación final, por importe de 15.610,22 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2020/0129**

Vista a proposta da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Centro Polivalente Ana M<sup>a</sup> Parada o contrato menor para o desenvolvemento do Obradoiro "ACTIVATE", consistente en dous obradoiros enfocados ao envellecemento activo das persoas maiores, a desenvolver en dúas quendas ao longo do ano (a primeira entre os meses de febreiro a xuño e a segunda entre os meses de setembro a decembro de 2020, por un importe total de 11.232,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 2313.22634.

Acórdase así mesmo aprobar as bases e o prazo de inscrición da primeira quenda.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

## **CULTURA**

### **PRP2020/0171**

Vista a solicitude de D. Lluís Rovira Yagüez, en representación de Transeduca Acció Educativa SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 15 e 17 de xaneiro, para a representación de dúas obras de teatro "Los músicos de Bremen" e "Le Diner de Cons", dirixida a alumnos/as de centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria de Vilagarcía, cun prezo de entrada de 6,20 € para cada un/ha dos/as alumnos/, sendo a recadación para o solicitante.

Deberán asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 2 días x 264,70 €/día = 529,40 €
  - Responsable de Sala: 6 horas (estimativas) x 2 días, a 10,20 €/hora = 122,40 €
  - Operarios (2): 6 horas (estimativas) x 2 días, a 10,20 €/hora = 122,40 €
- TOTAL: 744,20 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

### **PRP2020/0172**

Vista a solicitude de D. Luis María Pintos García, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 8 de febreiro durante todo o día, para a celebración dun concerto a cargo de FAMILY SESSION METÁLICA.

Deberán asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada único de 12 € (haberá unha oferta de 4 entradas de 3 €) máis os gastos de xestión. A recadación obtida será para o solicitante.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día = 264,70 €
  - Responsable de Sala: 8 horas (estimativas), a 10,20 €/hora = 81,60 €
  - Operarios (2): 8 horas (estimativas x 2 = 16 horas) , a 10,20 €/hora = 163,20 €
  - Persoal de taquilla (2): 4 horas (estimativas x 2 = 8 horas), a 10,20 €/hora = 81,60 €
- TOTAL: 591,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

### **PRP2020/0173**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o gasto para celebrar no Salón García, dentro do ciclo “Achégate ó Salón”, unha serie de concertos a cargo da Compañía New Live Promociones Culturales, S.L. , sendo o prezo das entradas de 12 € para adultos, 5 € para menores de 16 anos e gratuíto para desempregados, poñendo así mesmo un abono para o ciclo completo por importe de 25 € e a recadación da venda de entradas para o Concello, sendo tamén a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto que puidese corresponder por esta actuación. Será a cargo do Concello o pago de cantos impostos, arbitrios, taxas, cotizacións, dereitos de autor, dereitos de interpretación, etc. se orixinen ou devenguen como consecuencias da celebración dos concertos.

Acórdase a sinatura do contrato correspondente coa citada Compañía, con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

DIA	CONCERTO	IMPORTE
16-02-2020	MAREM LADSON	3.385,25 €
22-03-2020	NACHO VEGA	8.038,25 €

26-04-2020	BAIUCA	6.657,25 €
------------	--------	------------

## CONTRATACIÓN

### PRP2020/0203

Dáse conta de Resolución da Consellería do Medio Rural dunha subvención ao abeiro da medida LEADER do PDR de Galicia 2014-2020, Convocatoria 2019-2020. Submedida 19.2 (MR701D), por importe de 31.675,04 €, para o investimento "Formación de ruta de acceso Peonil a Berdón", cun prazo de execución e xustificación ata o 15 de outubro de 2020 para os gastos correspondentes á anualidade 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2020/0117

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información relativa ó esforzo fiscal do Concello, correspondente ao exercicio de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## RENDAS, RECADACIÓN E TESOURERÍA

### RENDAS

#### PRP2020/0151

Dáse conta que pola empresa concesionaria do servizo de subministración de auga e depuración de augas residuais, ESPINA & DELFIN, S.L solicítase a aprobación dos padróns das taxas de Subministración de Auga Potable a domicilio e da taxa de Depuración de Augas Residuais, así como dos importes de Canon de Saneamento e do Coeficiente de Vertedura correspondentes ó 4º Trimestre de 2019 , cos seguintes datos. O prazo voluntario de pago vai dende o 1 de febreiro de 2020 ao 3 de abril de 2020. Os recibos domiciliados cargaranse o 4 de febreiro.

\* Padrón da Taxa de Subministración de Auga Potable:

-	Número total de abonados	19.289	
-	Importe total da subministración	414.405,44	€
-	Importe do ive da subministración	41.508,63	€
-	Cuota sobre mantemento	10.518,27	€
-	Importe do ive do mantemento	2.293,91	€
	Total padrón Taxa Subministración Auga Potable	468.726,25€	A

\* Padrón da Taxa de Depuración das Augas Residuais:

-	Número total de abonados	23.577	
-	Importe total da depuración	242.984,34	€
-	Importe do ive da depuración	24.331,78	€
	Total padrón Taxa de Depuración Augas Residuais	267.316,12	€ B

\* Importe Canon- Xunta de Galicia 189.444,38 € C

\* Importe Coeficiente Vertedura- Xunta de Galicia 389,61 € D

\* Regularización importes outros exercicios Neto -47,00 ive -4,71 -43,64 € E

TOTAL PADRÓN 925.832,72 € A+B+C+D+E

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os padróns fiscais da taxa de subministro de auga potable e depuración de augas residuais, así como os importes de canon de saneamento e coeficiente de vertedura correspondente ao 4º Trimestre de 2019.

E sen máis asuntos que tratar, ás 14:08 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.